



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura. (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación.

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001. OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

EXTRACTO da Orde do de de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

BDNS (Identif.):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>)

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais de reparación de redes e as súas federacións, así como as demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e teñan a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Obxecto

A orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras xerais, e a convocatoria para o ano 2024, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para accións formativas, financiadas polo FEMPA, que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código do procedemento PE610A).

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do de de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

Cuarto. Contía

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito total de un millón catrocentos mil euros (1.400.000,00 €), distribuído en dúas anualidades, con cargo ás aplicacións orzamentarias 46.03.422K.770.0 e 46.03.422K.781.0, código de proxecto 202300177, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondéndolle setecentos mil euros (700.000,00 €) a cada unha das anualidades, 2024 e 2025.

O detalle da distribución do crédito é o seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CÓDIGO DO PROXECTO	ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025	TOTAL
46.03.422K.770.0	2023 00177	595.000,00 €	595.000,00 €	1.190.000,00 €
46.03.422K.781.0	2023 00177	105.000,00 €	105.000,00 €	210.000,00 €
TOTAL		700.000,00 €	700.000,00 €	1.400.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expirará o último día do mes. Se o último día de prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela,

Marta Barreiro Castro

Secretaria xeral técnica

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

